

ANEXO II
Programa das probas selectivas

Parte común

Tema 1. A Constitución española: principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na Constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu presidente. A Administración pública galega.

Tema 3. A Lei xeral de sanidade: fundamentos e características. Competencias das administracións públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. Os Estatutos da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.

Tema 5. O Convenio colectivo da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia. O Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Adquisición e perda da condición de persoal estatutario



fixo. Mobilidade do persoal. Xornada de traballo, permisos e licenzas. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva. A igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade no emprego público.

Tema 6. A Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 7. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas institucións sanitarias.

Tema 8. A hemodoazón e a hemoterapia na Comunidade Autónoma de Galicia: normativa de aplicación. O Centro de Transfusión de Galicia: normativa de aplicación.

Os textos legais serán os vixentes na data de publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución pola que se fixe a data de realización dos exercicios da fase oposición.

